



Santa Eulalia de Vedra

A forma *Eulalia* é unha forma cultista de introdución recente por influxo da igrexa e do castelán. As formas enxebres deron como apelidos galegos *Santalla*, *Santabaya*, *Santoalla*. Numerosas parroquias que hoxe concorren como Santa Eulalia figuran en documentación antiga como *Santa Alla* ou *Santa Balla*.

Este antropónimo procede do grego *Eulalia*, 'elocuente, que fala ben' (*eu-* 'ben' e *laleo* 'falar'). Existen as variantes *Alla*, *Balla*, *Oballa*...

Esta santa foi mártir de Mérida ou Barcelona, cidades que se disputan a súa procedencia. Cóntase que sufriu os tormentos máis arrepiantes: con doce anos declarouse cristiana ante o procurador romano Daciano, negándose a adorar os deuses pagáns e tivo o atrevemento de pisar as súas efixes. Fixérona azotar cruelmente e esfoláronlle o corpo con garfos de ferro. Finalmente decapitárona.

É avogosa dos partos.

Aparece representada coma unha rapaciña nova, vestida con túnica e manto e ás veces unha coroa de flores na cabeza. Como atributos persoais pode levar diversos elementos: unha cruz en aspa, unha coroa con forma de disco, unha pomba saíndo da súa boca ou uns garfos de ferro.

Célébrase a súa festividade o 10 de decembro ou o 12 de febreiro.



O Burgo

Algunhas estudiosas dicen que procede da forma xermánica *burg* e outros do grego *pyrgos*, que no latín, dá o resultado de *burgus* 'torre, castelo, alcázar'. Manuel García Blanco describe o *burgo* coma unha fortaleza ou unha localidade fortificada, non obstante quedou no norte como o termo de máis uso para representar xenericamente calquera grupo rural de poboación.



Trasariz de Abaixo e de Arriba

Antonio Díaz Fuentes en *Toponimia de la comarca de Sarria* di que *Ariz* provén do nome de persoa *Alaricus*, xenitivo *Alarici*, que nunha evolución perfecta perdeu o *-i* intervocálico e o último *-i*, converténdose o *-c* final en *-z*. O elemento inicial, *tras*, é unha preposición e significa 'detrás'. A forma *-ariz* significa 'rico, poderoso'.



Fornelos

A orixe deste nome de lugar está na palabra latina *fornellus*, procedente de *furnos* 'forno'.

A causa que motivou este topónimo pode ser a presenza na zona de fornos de distintas naturezas e utilidade, ben de carbón, cal, vidro...



Fufín

Este topónimo procede dun nome persoal *Fofinus*.



Pousada de Abaixo e de Arriba

O presente nome de lugar vén do latín *pausata*, derivado de *pausare* 'parar, descansar'.



Marzá de Abaixo e de Arriba

Este topónimo nace do xenitivo posesivo **(villa) Martiani*, 'facenda, vila de *Martius*', e este do nome de persoa *Martianus*.



Roelle

Non estamos seguros da orixe deste topónimo, pero pode ser un nome persoal *Rullus* ou *Rullius*. Henrique Neira comenta que procede de *Rullius*.



Manteles

Descoñecemos a procedencia deste topónimo.



Fontao

Este topónimo procede da forma de acusativo latina *fontanum*, do adjetivo *fontanus*, *-a*, *-um*, derivado á súa vez de *fons* 'fonte'. De *fontanum* saen as dúas formas galegas *Fontán* e *Fontao*.

As formas *fontano* e *fontana* eran palabras habituais en Galicia dada a frecuencia con que se presentaban na tografía as cousas que designaban; por iso non é estranho que foran aplicándose e quedando como nomes propios de bastantes lugares, e como apelidos, ainda que tamén sería posible un apelido *Fontán*, saído de *fontano*. Polos datos que posuímos, podemos dicir que son máis numerosos os lugares que se chaman *Fontao* ca *Fontán* e a súa área de difusión tamén é moito maior.

